

LECTURA


O BOSQUE do Norte



O Bosque do Norte era o máis coñecido de todo o condado por ter as árbores máis altas, as pradarías máis verdes e as flores máis bonitas. Todo iso era posible grazas a un conxunto de nubes que se dedicaba cada día percorrelo e descargar a auga sobre el. Estaban moi ben organizadas, o Consello de Nubes encargábase de distribuílas por todo o territorio. Así conseguían grandes resultados. Pero o máis importante era que, grazas ao seu traballo, o Bosque estaba a deter un gran perigo: o Deserto Marrón.

O Deserto estaba situado nun dos bordos do Bosque do Norte, como un gran monstro famento, esperaba impaciente para tragar coas súas áreas todo o verde que encontrase ao seu paso. O Consello de Nubes dicía que o único que lle detería sería manter o Bosque moi húmido, a auga era a súa maior inimiga.

Nuba, era unha das nubes encargadas de regar o Bosque. Encantáballe o seu traballo porque podía voar xunto aos paxaros e percorrelo enteiro. Coñecíanse todos os seus cantos.



Non obstante, nunca se achegara ata o Deserto Marrón. Dicían que era moi perigoso, que a temperatura era tan alta que se unha nube cruzaba o seu espazo desaparecería inmediatamente. Un día pensou: “Será verdade que as nubes se secan cando atravesan o ditoso deserto? Vou ver” E sabendo que ía facer algo que non estaba ben viaxou ata alí.

Cando chegou ao final do bosque encontrouse cunha paisaxe totalmente diferente. Nin rastro de árbores, nin de arbustos, nin de flores...¡so area!

Adiantouse un pouco máis e notou como a temperatura subía sen parar. Nuba suaba e suaba.

“Será verdade que é moi perigoso? Aguantarei esta calor?” Pero decidiu que se chegara ata alí, debía continuar. De súpeto unha voz chamou a súa atención:

- Eh, ola, ola!

Nuba mirou ao chan pero non viu a ninguén.

- Ola! Estamos aquí! Aquí abaixo!

Nuba volveu mirar esta vez con máis atención. Entón viunas; eran dúas pequenas plantas de cor verde con apenas tres follas cada unha. Nuba, con moito coidado, achegouse a elas.


- É moi raro ver unha nube por estas paraxes, que che trae por aquí? - díxolle Sol, a máis alta.

- Só quería coñecer o Deserto Marrón e comprobar se é verdade todo o que contan sobre el.

- E que contan? - preguntouno a súa irmá pequena, Daria.

- Pois que é un lugar tan caloroso que ninguén pode vivir nel. Todo se seca.

- Jajaja, -riron- Nós vivimos aquí e non secamos! Pero tes razón, para estar no deserto tivemos que adaptarnos. Aquí non conseguiría vivir calquera planta.



Nuba descubriu, entón, que as plantas do Deserto eran especiais. Ninguén podía crer que puidesen sobrevivir tantos días ao sol sen recibir nin un chisco de auga!

- Nós almacenamos con moito coidado as gotas de chuvia Mira as nosas raíces; non son profundas como ás doutras plantas, senón que están moi preto da superficie do chan para aproveitar mellor a humidade e poder manternos vivas -dixo a delgadiña.

- Estamos preparadas para seguir crescendo e non nos secar. Durante toda a nosa vida pensamos nestas solucións para aproveitar cada gota. Pero hai moito tempo que ningunha nube pasa por aquí e xa case non nos queda auga almacenada. Só necesitamos un pouco da auga que tes. -engadiu a pequena Daria

- Pero eu non podo darvos a miña auga, teño que cumprir co meu traballo. Cada día debo descargar as miñas gotas de chuvia sobre o Bosque do Norte para contribuír a frear ao Deserto Marrón. Non podo gardar nada para vós -dixo Nuba.

- Por favor, só unhas cantas gotas!- dixo Daria- Nos permitirían seguir adiante. Ademais, para deter ao Deserto o mellor é conseguir que crezan máis plantas no seu interior; Así deixará de ser un Deserto!


A Nuba aquesta resposta li va cridar l'atenció.

- Agora mesmo non teño ningunha gota, pero verei que podo facer Volverei mañá! -dixo.

De camiño a casa pensou no que descubrira. Aínda non sabía ben como, pero sentía que debía axudar a Sol e Daría.

Ao día seguinte gardou unha parte das súas gotas, pola tarde volveu visitalas e descargou chuvia sobre elas.

- Grazas Nuba! -dixeron as dúas plantas agradecidas. Xa non recordabamos o frescor da auga. Había tanto tempo que non a sentiamos!



Nuba continuou facendo o mesmo durante toda a semana. Era sorprendente ver como crecían as súas amigas en tan pouco tempo e iso que apenas recibían unhas gotas cada día! Unha mañá que sorpresa se deron as dúas irmás cando se ergueron! Naceran moitas pequenas plantas ao seu arredor!

Pero as cousas complicáronse, Nubarrón, a máis protestona das súas compañeiras de traballo, decatouse do que estaba a facer:

- Descubrín que nos estás a enganar, gardas gotas para ti! -berroulle durante o Consello de Nubes.

Todas miraron a Nuba sorprendidas:

- É verdade, estes días gardei algunhas gotas, pero non son para min, son para dúas plantas amigas miñas que necesitan nosa axuda -contestou.

- Aquí, no Bosque do Norte, non hai ningunha planta que necesite auga, todas teñen suficiente porque nós facemos moi ben o noso traballo -dixo Nubarrón.

- É que non están no noso Bosque.

- O que faltaba! Enriba regando plantas doutros bosques! Que vergoña!

- Non están en ningún bosque, viven no Deserto Marrón.

- No Deserto Marrón! -todas se miraron asustadas e comezaron a dicirlle: como se che ocorreu ir alí!, es unha irresponsable!, utilizaches sen permiso a auga do noso Bosque!

Entón, Nuba contoulles todo o que descubrira e a situación na que estaban esas plantas e pediulles a súa axuda:

- Pero ese non é o noso problema -dixo Nubarrón- nós debemos ocuparnos das nosas plantas, non das do Deserto Marrón.


- Ademais, o Deserto non é lugar para as plantas. Non imos desaproveitar a nosa auga porque dúas plantiñas caprichosas se empeñasen en vivir alí! -engadiu outra.

- Equivocádesvos -dixo Nuba- elas saben, mellor ca nós, como aproveitar a pouca auga que teñen. Só necesitan que lles axudemos a encher os seus depósitos, xa non pasan nubes por alí e ademais, si é problema noso!, porque o Deserto Marrón non para de avanzar e en poucos anos o noso Bosque terá desaparecido e, se non facemos algo, todas nós desapareceremos tamén.

Nese momento unha das árbores máis vellas interveu dende abaixo:

- Nuba ten razón. Cando eu era pequeno o Deserto Marrón era algo moi afastado, todo o mundo falaba del, pero poucas árbores o viran. Agora, non obstante, eu podo sentir a calor da súa area nas miñas raíces.

- Entón, quen se une a min? Quen quere frear ao Deserto apoiando e salvar o noso Bosque? - dixo Nuba.



Ao principio só unhas cantas nubes fixérono, pero moi pronto se lles uniron moitas máis: unhas porque, de verdade, crían que tiñan que axudar a Sol e Daria e outras, polo seu propio interese, pensando no seu futuro e no do Bosque. O mellor foi cando o Consello de Nubes organizou novas quendas que incluían a zona do Deserto Marrón e nunca deixaron de regar as súas plantas. Cada vez eran máis, e máis altas, e máis verdes! No Bosque do Norte sabían que era moi difícil deter o avance do Deserto, pero tiñan claro que todas debían colaborar, porque como dicía Nuba: “[A tormenta máis grande empeza sempre por unha gota, pero unha gota soa non pode conseguir frear un deserto.](#)”

